



OBRIGAS E RECOMENDACIÓN CONCERTO DE “REVENIDAS EN CONSERVA”

Desde a organización queremos achegarvos este documento con recomendacións e obrigas para poder gozar, con responsabilidade, deste evento da “nova normalidade” os días 10-11-12-13 de setembro no Porto de Vilaxoán.

- ◆ As entradas serán nominais.
- ◆ Nesta edición non teremos venda física de bonos, nin sardiñada nin zona de acampada.
- ◆ Lembra que o bono do festival só da dereito aos concertos de pago: SÉS + ZELTIA IREVIRE e DAKIDARRÍA + ORTIGA. Para asistir ás demais actuacións é indispensable facer reserva previa en www.revenidas.com
- ◆ Se mercaches o teu bono ou tes unha entrada para algún espectáculo terás que cambialos por unha pulseira cashless nas casetas da entrada do recinto. Estarán abertas dende as 18:00.
- ◆ **Se non tes reserva previa ou entrada para o evento ao que queres asistir, por favor, NON VEÑAS ATA VILAXOÁN. Non poderás acceder ao espectáculo e así axudarnos a evitar concentracións innecesarias.**

APERTURA DE ZONAS:

- ◆ A apertura de portas do recinto para os concertos nocturnos (DE VACAS, CUERNICORNIOS, ZELTIA IREVIRE, SÉS, DAKIDARRÍA e ORTIGA) será ás 20.00h. As actuacións terán lugar a partir das 21.00h.
- ◆ Os espectáculos de QUICO CADAVAL e MONOULIOUS do sábado, a gala de circo do domingo e a gala Revenidas- Festivala, tamén necesitan cambiar a entrada pola pulseira cashless. As portas destes eventos e a retirada de pulseiras abrirán unha hora antes do inicio do espectáculo.
- ◆ Os concertos e actuacións infantís de Rafael Pazos, abrirán portas media hora antes do inicio do espectáculo. O aforo será moi reducido. Neste caso non haberá reserva de entradas nin recollida de pulseiras e as prazas cubriranse por orde de chegada.

OS HORARIOS DAS ACTUACIÓNS SERÁN OS SEGUINTES:

XOVES 10

Praza Rafael Pazos (POR ORDE DE CHEGADA)

20:00 NELSON QUINTEIRO

Porto de Vilaxoán

21:00 DE VACAS

22:45 CUERNICORNIOS

VENRES 11

Praza Rafael Pazos (POR ORDE DE CHEGADA)

18:00 PETER PUNK

20:00 PANDERETEIRAS "AVELAIÑA"

Porto de Vilaxoán

21:00 ZELTIA

22:00 SÉS

SÁBADO 12

Praza Rafael Pazos (POR ORDE DE CHEGADA)

18:00 O MAGO PACO

20:00 GRAMOLA

Parque Dona Concha (RESERVA EN WWW.REVENIDAS.COM)

13:00 QUICO CADAVAL

13:45 MONOULIOUS DOP

Porto de Vilaxoán (ENTRADA EN WWW.REVENIDAS.COM)

21:00 DAKIDARRÍA

22:40 ORTIGA

DOMINGO 13

Parque Dona Concha (RESERVA EN WWW.REVENIDAS.COM)

12:30 GALA DE CIRCO REVENIDAS

19:00 GALA REVENIDAS-FESTIVALA (SURICAR, REBECA SANTOS, ALDAOLADO, ALBA MARÍA E LUPE DE BERGANTIÑOS)

Praza Rafael Pazos

21:00 Perseguidor (POR ORDE DE CHEGADA)

RECOMENDACIÓNS XERAIS

🔹 O público irá sentándose por orde de chegada, ocupando primeiro as cadeiras das primeiras filas.

🔹 As cadeiras estarán distribuídas na explanada portuaria, non numeradas, separadas 1,5m unhas de outras. **Non as agrupes nin movas pola túa conta.**

🔹 É obrigatorio que cada asistente agarde a que o acompañe personal da organización para poder tomar asento.

🔹 **Non mudes de cadeira** e permanece de pé só o tempo imprescindible.

🔹 Se asistes en grupo ou familia, poderás sentar coa xente coa que acudas ao festival, pero deberás avisar previamente a alguén da organización para que vos ubique no espazo.

▶▶ Para acceder ao recinto, toda persoa pasará por un filtro covid-19 no que se comprobará o uso de máscara e xel hidroalcolico.

▶▶ **O uso da máscara será obrigatorio en todo momento.**

▶▶ Cómpre respectar **os sentidos de circulación** indicados no recinto, así como a **distancia de seguridade** en todo momento.

▶▶ Só está permitido fumar na **zona de fumadores habilitada** para ese fin.

▶▶ **Non consumas de pé**, só cando esteas sentada.


▶▶ Non se poderá abandonar o recinto ata o remate do concerto, salvo causa xustificada ou evacuación de emerxencia.

Grazas pola túa colaboración!

A organización poderá impedir a entrada ou permanencia no recinto a toda persoa contaxiada ou con síntomas compatibles coa Covid-19 e estará obrigada a activar os protocolos que correspondan para alertar ás autoridades sanitarias para que determinen as accións que se deban executar. En todo momento se garantirá a súa privacidade. Neste senso, a persoa asistente que estea nesas circunstancias deberá someterse ás instrucións da organización ata que a Autoridade pública competente adopte as decisións que correspondan. O cumprimento destas normas é aplicable dende que a persoa accede aos puntos de control de acceso e ata que abandone o recinto. O incumprimento grave das normas pode conlevar a expulsión do recinto da persoa infractora, con perda de calquera dereito a devolución do prezo pagado, e sen perxuízo de que o seu comportamento poida ser notificado ás autoridades competentes por se é constitutivo de infracción administrativa ou delito.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos facilitados na plataforma de compra de entradas serán gardados para a xestión do evento, e gardados durante un máximo dun mes, para garantir a trazabilidade sanitaria.

2020



PLANO PARA OS CONCERTOS
AFORO: 500

	BACKSTAGE
	BARRAS DE BEBIDA
	ENTRADAS RECINTO
	ESCENARIO
	PECHE PERÍMETRO REVENIDAS
	PECHE PERÍMETRO BACKSTAGES
	SAÍDAS EMERXENCIA
	BALADO BAIXO
	ZONA DE BAÑOS
	ZONA DE MESAS E SILLAS
	ZONA DE SILLAS PARA O PÚBLICO
	ZONA GASTRO
	ZONA DE FUMADORES

